

PRÉSTAMOS AVALADOS PARA APOIAR A PEMES E AUTÓNOMOS NO CONTEXTO DO ACTUAL COVID-19

Modalidade de axuda: axuda en forma de garantía. Reaval ante SGR. Subsidiación ao tipo de xuro, para que ao beneficiario lle resulte a tipo 0%.

Beneficiarios: favorecer o acceso a préstamos a longo prazo para acceso a liquidez para as pemes e autónomos cuxas actividades se atopen afectadas polo actual brote de COVID-19.

Condições:

> **Importe:** O importe do préstamo non poderá superar :

- O 25% do volume de negocios total do beneficiario en 2019, ou o dobre dos custos salariais anuais do beneficiario (incluídas as cargas sociais) correspondentes a 2019 ou ao último ano dispoñible; no caso de empresas creadas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2019, o importe máximo do préstamo non poderá superar, a estes efectos, a estimación dos custos salariais anuais para os primeiros dous anos de actividade.

En todo caso, o préstamo a avalar deberá ser igual ou superior a 3.000 € e igual ou inferior a 200.000 €.

Un mínimo do 35% do préstamo será aplicado ao pago dos seguintes conceptos de gasto: pagamentos a provedores de mercadorías, materias primas e aprovisionamentos; pagamentos a acredores por prestación de servizos, arrendamentos e/ou subministracións; pagamento de nóminas e seguros sociais; gastos financeiros operativos; pago de impostos e primas de seguros en cobertura de riscos asociados á actividade empresarial.

Un máximo do 65% do préstamo poderá ser aplicado á cancelación de débedas bancarias e outros conceptos, sempre e cando correspondan a algunha das seguintes modalidades:

- Pago de coutas de préstamos, leasing e/ou renting vencidas ou que venzan durante os tres meses seguintes á data de formalización.
- Pago de saldos dispostos de pólizas de crédito, sempre que estas incrementen o seu dispoñible na contía a aplicación do préstamo a esta finalidade, e se manteñan abertas ata o seu vencemento.
- Débedas bancarias vencidas, cuxo vencemento se producise con posterioridade ao 1 de marzo de 2020.
- Comisión do aval así como as achegas ao capital das Sociedades de Garantía Recíproca.

> **Prazo:** O prazo máximo do préstamo a avalar será de 4 anos, incluíndo 1 ano de carencia, como máximo.

> **Tipo de xuro:** O tipo de xuro nominal anual que poderán cobrar as entidades de crédito para as operacións de préstamo previstas nesta liña será fixo, cun máximo do 1,50%.

O Igape poderá subvencionar a fondo perdido un importe equivalente á suma dos xuros dos préstamos concedidos ao abeiro desta modalidade.

> **Garantías:** A garantía a favor das entidades de crédito será o aval da SGR adherida ao convenio, polo 100% do risco. No caso de operacións de importe superior a 150.000 €, as operacións poderán ser coavaladas por máis dunha SGR adherida.

As contragarantías a favor da SGR consistirán no reaval do Igape en cobertura de ata o 25% do risco, e como garantía adicional poderán requirir garantías persoais, pero en ningún caso depósitos de activos líquidos ou financeiros que poidan detraer liquidez da empresa. As SGR tamén poderán contar con reavais e achegas de organismos públicos e outros dependentes da Administración.

> **Prazo solicitudes:** ata o 30 de setembro de 2020.

> **Tramitación:** presentación telemática da documentación: www.tramita.igape.es.

> **Compatibilidade:** compatibles con outros apoios. A garantía e a subsidiación prestada serán axuda de minimis.